

1978

O movemento feminista e a cuestión do divorcio

Coa **morte de Franco** abríanse as portas a unha reforma do **Código Civil** que abolise o delito de adulterio e recoñecese a posibilidade da disolución libre do matrimonio.

O **adulterio**: foi finalmente abolido como delito en 1978.

O **divorcio**: a Constitución de 1978 incluíría no seu artigo 32 un mandato ao lexislador para que regulase os dereitos e deberes dos cónxuxes en plena igualdade xurídica, así como as causas de separación e disolución do matrimonio e os seus efectos.

Neste sentido, as organizacións feministas galegas manifestaron o seu apoio ao proxecto de Lei do divorcio elaborado pola **Coordinadora Estatal de Organizacións Feministas en 1979**, no que se establecían os seguintes puntos:

- Que as mulleres divorciadas, agás as que os maridos teñan recursos importantes, reciban un subsidio de paro a cargo do Estado, e unha formación profesional para acceder a un posto de traballo.
- O dereito das nais a seguir convivindo cos seus fillos se o desexan.
- O dereito dos fillos a ser consultados e a decidir por si mesmos a partires dos dez anos con cal dos pais queren vivir.
- Un divorcio áxil, con menos trámites e gratuío.

A **Lei 30/81 do 7 de xuño** veu mudar a regulación do matrimonio establecida no Código Civil e fixou os pasos a seguir en caso de nulidade matrimonial, separación ou divorcio. Porén, esta medida foi considerada como insuficiente polas organizacións feministas, que criticaban a burocratización e a excesiva lentitude coa que se tramitaría este proceso, así como a necesidade da alegación dunha “causa” de ruptura.



Por un divorcio sen causas rápido e sen dependencias económicas pra muller

Coordinadora de grupos feministas do E. E.
Galicia: AGM - ADMG Coord. Fem. de Vigo

as mulleres galegas contra o 'delito' de adulterio !

*pola eliminación das leis discriminatorias pra muller

★POLO DEREITO O DIVORCIO

«a muller e as leis no Código Penal»

domingo 19
EN
PONTEVEDRA
6 da tarde
na CAIXA RURAL




ASOCIACION GALEGA DA MULLER



Grupos de mujeres se encadenaron en Santiago y Orense para protestar contra la Ley de Divorcio de «UCD»

Un grupo de mujeres se encadenó ayer en la Plaza del Toral de Santiago, en protesta por la Ley de Divorcio de «UCD» y en apoyo de la que, en nombre de la Coordinadora Feminista estatal presentará el día 26 en el Congreso el diputado canario Sagaseta. En Orense, otro grupo de feministas se encadenó también, en la planta baja del Obispado. Fueron conminadas a desahogar el recinto por el propio prelado y desalojadas más tarde por la Policía.— (Telefoto EFE).



Erase unha vez un partido que lle chamaban UCD, que de sempre estivo en contra do Divorcio.

Eles estaban en contra. De sempre pensaron que máis valía vivir xuntos levándose mal que separarse. Eso de separarse, de divorciarse, parecíalles a eles que quedaba moi feo...

Eles pensaban así. Pro había outra moita xente que estaba a pedí-lo divorcio. O dereito das personas a separarse libremente que a matrimonio non tiña porque sair ben pra toda a vida. Escribían nos periódicos, manifestábanse, elaboraban proxectos de lei de divorcio e astra os presentaban nas Cortes...

E claro, aqueles da UCD, que amáis andaban mirando de poñerse a nivel europeo, —porque eso de viaxar da moita cultura—... pensaban que algo tiñan que facer pra parecer que estaban a nivel moderno. Pro eles estaban en contra... e tiñan moita amizade con outros que, se cadra, aínda estaban máis en contra, eran moitos cregos, arzobispos, obispos, cardenales... e pensando, pensando atoparon unha cousa que lle chamaron solución, modificar o título IV do Código Civil e chamarlle Divorcio.

Bueno, postos a separarse... nada de que os dous estean de acordo. Ten que haber un culpable. Teñen que estar anos e anos separados. Astra sete nalgúns casos.

De gratuito nada. Cantos máis papeles, notarios, cartos, tempo, complicacións... ¡pois mellor! Como decía un dos ministros daquel partido que chamaban UCD... decía ¡¡Que ningún vaia a pensar que esto son Las Vegas!!

E ademais... de pensar que as mulleres nesta sociedade de hoxe, como están metidas na casa co traballo doméstico e cos fillos non teñen cartos... ¿Qué non se poden separar como os seus homes? Pois que apanden.

Eles seguían pensando así, e tan bo creían que era o asunto que o iban a aprobar nas Cortes pra que tódalas persoas estiveramos contentas

Si... ¡que risa! pro as xentes coma nós que pensá-lamos outra cousa e astra seguimos a pensala... tamén presentamos nas Cortes outra cousa ben distinta.

Un proxecto de lei de Divorcio, pro de Divorcio de verdade.

- **Gratuito**, pra que se poda separar toda a xente que quera, sobre todo pra os que non teñen cartos.
- **Rápido**, sen moitos trámites nen papeles.
- **Por mutuo acordo** ou a petición de calquera das partes. Porque se dúas personas non queren vivir xuntas non hai lei que poda obligalas.
- **Non discriminatorio pra muller**, porque a realidade que temos as mulleres é ben distinta que á dos homes, ensiná-nosnos que toda a nosa vida era o cuidado da casa, e por eso moitas de nós non temos estudos nen postos de traballo...

A esta realidade ben distinta cómprenlle solucións ben distintas tamén:

- Formación profesional pras mulleres, porque así teremos acceso a máis postos de traballo.
- Subsidio de paro pra as mulleres divorciadas sen medios económicos mentras non atopemos un posto de traballo.

Este é un auténtico Divorcio e o demás son contos.

¡¡NON O DIVORCIO DA UCD!!

¡¡APOIEMOS O PROXECTO DE DIVORCIO DA COORDINADORA ESTATAL DE ORGANIZACIONES FEMINISTAS DO ESTADO ESPAÑOL!!

ASOCIACION GALEGA DA MULLER

La Voz de Galicia, 14-03-1980

TRIBUNA

A NOSA TERRA 12

SOBRE O DIVORCIO

Moito máis a respecto e a favor do divorcio de verdade. E facer, en canto a leis que fan do divorcio. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras.

Moito máis a respecto e a favor do divorcio de verdade. E facer, en canto a leis que fan do divorcio. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras.

Moito máis a respecto e a favor do divorcio de verdade. E facer, en canto a leis que fan do divorcio. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras.



Ma. XOSE MOLINA BLANCO MILITANTE DA ASOCIACION GALEGA DA MULLER SANTIAGO

UN DIREITO CIVIL INCUESTIONABEL

Entre os cidadáns a liberar os homes e as mulleres do matrimonio. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras.

Entre os cidadáns a liberar os homes e as mulleres do matrimonio. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras.

Entre os cidadáns a liberar os homes e as mulleres do matrimonio. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras. O divorcio de verdade é un dereito que se debe garantir a todas as mulleres. Non se trata de un privilexio para algunhas e un castigo para outras.

A Nosa Terra, 19-10-1979



POR UNHA LEI DE DIVORCIO QUE NON DISCRIMINE A MULLER